

Camiña con nós pola igualdade

MEMORIA

Programa labora: Xuventude con Experiencia
Setembro 2005-Setembro 2006



MARCO:

II Plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004-2007

III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Vigo 2005-2007.

OBXECTIVO

Fomentar a educación en igualdade de oportunidades entre nenos e nenas dende a comunidade educativa para promover a coeducación e previr a violencia de xénero.



DESEÑO E DESENVOLVEMENTO

Dúas licenciadas en Pedagogía especializadas en Pedagogía Social e Laboral e Escolar a través do Programa Labora: *Xuventude con Experiencia* durante o curso 2005-2006.

FASES:

- ❑ Primeira fase (Setembro-December 2006)
- ❑ Segunda fase (December-Xaneiro 2006)
- ❑ Terceira fase (Febreiro-Xuño 2006)
- ❑ Cuarta fase (Xuño-Setembro de 2006)

FASE I:

□ Primeira fase (Setembro-December 2006):

- Deseño de materiais de difusión do proxecto na comunidade educativa
- Revisión bibliográfica e de diverso material didáctico e pedagóxico
- Deseño de actividades e de material didáctico

FASE II:

▣ Segunda fase (Decembro-Xaneiro 2006):

- Contacto coa Comunidade Educativa
- Deseño de obradoiros temáticos
- Elaborar material didáctico

FASE III:

□ Terceira fase (Febreiro-Xuño 2006):

- Recepción solicitudes de participación no programa
- Inicio do desenvolvemento dos obradoiros
- Elaboración de material didáctico
- Elaboración enquisa de avaliación do programa

FASE IIII:

▣ Cuarta Fase (Xuño-Setembro de 2006)

- Elaboración inventarios do material sobrante
- Realización do Xogo Planeta Igualdade
- Elaboración da presente memoria

DATOS CUANTITATIVOS:

Número de centros que participaron : 20

A. Relación dos centros que participaron:

C.E.I.P. A Doblada	C.E.I.P. Coutada Beade
C.E.I.P. Chans Bembrive	C.E.I.P. Emilia Pardo Bazán
C.E.I.P. Escultor Acuña	C.E.I.P. Eijo Garay
C.E.I.P. Fonte Escura	C.E.I.P. García Barbón
C.E.I.P. Igrexa-Candeán	C.E.I.P. Javier Sensat
C.E.I.P. Otero Pedraio	C.E.I.P. O Pombal
C.E.I.P. O Sello	C.E.I.P. San Salvador de Teis
C.E.I.P. Santa Mariña	C.E.I.P. Virxe do Rocío
C.E.P. Santa Tegra	Colexio Mercantil
E.I.I. Hernán Cortés	E.I.I. Sta. Tegra Teis

ETAPAS EDUCATIVAS:

B. Centros que achegaron a enquisa de xeito informativo:

E.E.I. Cristo da Victoria

C.E.I.P. Pintor Laxeiro


C. Centros que formularon a súa solicitude fóra do prazo establecido:

C.E.I.P. Alfonso Rodríguez Castelao

C.E.I.P. Frián Teis

C.E.I.P. Ría de Vigo

ETAPAS EDUCATIVAS NAS QUE SE DESENVOLVEU O PROGRAMA



4º, 5º e 6º Ed. Infantil
6º Ed. Primaria

OBRADOIROS

EDUCACIÓN INFANTIL

✘☆ COÑEZO O MEU CORPO

Obxectivo: familiarizar a nenos e nenas co seu propio corpo, que interiorizasen as partes que o componen, e eliminasen posibles estereotipos e tabúes existentes ao respecto.

Actividades:

“Somos nenos e nenas verdes”

“O meu xoguete favorito é...”

“Imos ducharnos”

“Este é o meu corpo”

“A silueta de”

“Somos árbores”

Contos: “Cada cuerpo es especial” e “Parella guai. Os contos da rata Luisa”.

OBRADOIROS

EDUCACIÓN INFANTIL

✚✚ IGUALMENTE DIFERENTES

Obxectivo: traballar a expresión de sentimentos, afectos e gustos tratando de eliminar estereotipos de xénero dende un punto de vista coeducativo.

Actividades:

"A miña cor favorita é..."

"A pelota das cores"

"A quen lle gusta...?"

"O abrazo musical"

"Que sentimos?"

"A caixa máxica de Lucas e Eva"

"Puzzle disfrazámonos de oficios"

"Xogo de naipes Vivimos en Igualdade"

Quebracabezas: "Viste a Pipo y Cuca de Profesiones", "Puzzle Max35 Las Tres Mellizas", "Me disfrazo de..."

Conto: "Unha manchea de bicos"

OBRADOIROS

EDUCACIÓN INFANTIL

✘✧ ESTA É A MIÑA FAMILIA

Obxectivo: dar a coñecer ao alumnado á gran diversidade de familias presentes na nosa sociedade e o papel que desempeña cada membro dela (tratando de romper así cun modelo único de familia e con roles estereotipados respecto da familia en particular e do xénero en xeral).

Actividades:

“Convertémonos en peixes...”

“Creamos familias”

“Quen fai que...?”

Conto: “Llegué de ... China”

OBRADOIROS

EDUCACIÓN INFANTIL

✘✧ COÑECENDO A MULLERES QUE FAN HISTORIA

Oxectivo: coñecer a historia de mulleres do pasado e do presente que son representativas da incorporación da muller á diferentes ámbitos profesionais tradicionalmente masculinizados.

Actividades:

“O lavacoches”

“O dado máxico”

Conto: “Sofía la vaca que amaba la música”

OBRADOIROS

EDUCACIÓN PRIMARIA

✘✧ IGUALMENTE DIFERENTES

Obxectivo: traballar en torno á expresión de sentimentos, afectos e gustos tratando de eliminar estereotipos de xénero dende un punto de vista coeducativo.

Actividades:

“A arañeira”

“Somos detectives”

“Adivina que fago: mímica”

“DVD: Mujeres de hoy: deporte”, “VÍDEO: Elije tu deporte”

“Sopa de letras: deportes”

“Dosier noticiario”: noticias de mulleres exercendo profesións ou deportes

“tradicionalmente masculinizadas”

OBRADOIROS

EDUCACIÓN PRIMARIA

✠✧ COÑEZO O MEU CORPO

Obxectivo: aceptar o seu propio corpo e eliminar posibles estereotipos existentes ao respecto e acadar un autoconceito positivo de sí mesmos/as.

Actividades:

"As mans misteriosas"

"Voume de viaxe"

"Pensar o noso corpo"

"Eu son eu". Historia

"Eu son eu". Poema

"A/o mensaxeira/o"

"A música coa Igualdade"

OBRADOIROS

EDUCACIÓN PRIMARIA

✘☆ COÑECENDO A MULLERES QUE FAN HISTORIA

Obxectivo: coñecer a historia de mulleres do noso pasado e do noso presente que son representativas da reivindicación dos dereitos da muller e da incorporación da muller á diferentes ámbitos profesionais e deportivos tradicionalmente masculinizados a traveso da rede, metodoloxía que lle resulta moi cercana á xuventude.

Actividades:

“Quen é...? Busca na rede”.

OBRADOIROS

EDUCACIÓN PRIMARIA

✠✧ MULLERES E HOMES NA PUBLICIDADE

Obxectivo: dar a coñecer á gran diversidade de familias presentes na nosa sociedade e o papel que desempeña cada membro dela (rompendo así cun modelo único de familia).

Actividades:

“Analizamos un anuncio. Vídeo: La mujer en la publicidad”

“Analizamos un anuncio. Impreso: Anuncios de revistas”

“Érase unha vez”

✠✠XOGO PLANETA IGUALDADE

Colaboración voluntaria do alumnado de 6º de primaria para elaborar un xogo "PLANETA IGUALDADE"

Formado por debuxos e colaxes de nenos e nenas de 6º de primaria que participaron do programa.

Reflicten situacións relacionadas coa Coeducación e coa Igualdade de Xénero: actividades físicas, lúdicas, profesionais; situacións da vida cotiá; rostros de mulleres destacadas ao longo da historia, etc, que axuden a romper os estereotipos, visibilizando o cambio de roles nas diferentes formas de ser home e muller.

A Concellaría da muller editou o xogo e o achegará a todos aqueles centros que participaron do programa.

METODOLOXÍA

Perspectiva de xénero e coeducativa, lúdica e personalizada e concreouse nunha metodoloxía activa, dinámica, comunicativa, de observación participante, flexible, atendendo ás necesidades individuais de cada alumna/o por parte das Pedagogas.

Fomentando unha metodoloxía que: espertase a creatividade, dinámica, participativa e cooperativa, que propiciara tanto a escoita activa como a interacción entre nenas e nenos e a súa vez coas pedagogas, unha actitude crítica e introspectiva (especialmente no alumnado de 6º de primaria),...

RECURSOS

Aportados pola Oficina da Muller, agás material non funxible (televisor, ordenador e conexión a internet, reprodutor de vídeo ou DVD e reprodutor de música).

Materiais didácticos diversos, atraíntes para o alumnado, adaptados as súas idades.

Fundamentalmente realizados polas pedagogas do programa e outros editados por organismos institucionais ou publicacións especializadas.



Material achegado aos centros educativos:

Bibliografía especializada seleccionada e elaborada polas Pedagogas do programa, diferentes volumes desta temática, material da campaña "Eu non son cómplice, agasallos do programa para ó alumnado. **Para:**

Acadar á implicación da Comunidade Educativa




AVALIACIÓN




Foi maioritaria a participación na enquisa de avaliación do profesorado de 2º Ciclo de Educación Infantil, e en concreto, daquel alumnado tres anos (4º de Educación Infantil).

AVALIACIÓN




Deuse a posibilidade aos centros de escoller de entre 1 a 4 obradoiros. A meirande parte optaron por 4 obradoiros e convertilos así en actividades estables no centro.




A maioría calificou cun tres o grado de satisfacción. Isto fai pensar que non consideraron totalmente acertado o número de obradoiros realizados.

AVALIACIÓN



En Educación Infantil os datos obtidos nos indican que a maioría, un 50% indica que o número ideal serían 9 obradoiros.



AVALIACIÓN





En Educación Primaria os datos nos indican que un 40 % considera que o número apropiado de sesións sería de 3, mentres que outro 40% valora que o número axeitado sería de 6 a 9 sesións.

AVALIACIÓN

Respecto da duración da duración dos obradoiros sinalaron que a duración óptima sería:




AVALIACIÓN




Pódese concluír que os contidos foron os axeitados, especialmente no caso de Educación Infantil.


AVALIACIÓN



A valoración do material pedagóxica foi moi satisfactoria.



AVALIACIÓN



Pódese deducir que os obradoiros foron de utilidade a nivel profesional, tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, xa que un 71% optou por unha puntuación entre un 4 e un 5, puntuacións máximas.


AVALIACIÓN

OUTROS DATOS DE INTERESE:

- **VALORACIÓN DAS PROFESIONAIS:** Maioritariamente oscilou entre 4 e 5 puntos (sendo un 5 a puntuación máxima).
- **ACTIVIDADES QUE MÁIS GUSTARON:** Todas aquelas que supoñían unha participación activa do alumnado.
- **OS OBRADOIROS APOTARON AO PROFESORADO:** Maior respecto polos conceptos a utilizar día a día na aula, continuar cunha labor que xa tiñan comenzada na aula neste tema, descubrir outras formas de traballar a igualdade e a coeducación e a coñecer mellor ao seu alumnado.
- **OS OBRADOIROS APORTARON AO ALUMNADO:** A ver que home e muller son diferentes pero non desiguais, coñecerse máis entre o grupo clase, respectar as quendas nos debates, coñecer aspectos que descoñecían refidos á igualdade de xénero e á coeducación...

AVALIACIÓN

VALORACIÓN XERAL DO PROGRAMA




En xeral pódese considerar que a valoración do programa "Camiña con nós pola igualdade" foi satisfactoria e que cumpliu coas expectativas que os centros tiñan sobre el.

AVALIACIÓN

CONTINUIDADE DO PROGRAMA:

VALORACIÓN XERAL DO PROGRAMA
CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE



■ 5 PTOS. ■ 4 PTOS. ■ 3 PTOS. □ NS/NC

En xeral pódese considerar que a valoración do programa "Camiña con nós pola igualdade" foi satisfactoria e que cumpliu coas expectativas que os centros tiñan sobre el.

CONCLUSIÓNS

- Moi boa acollida por parte da dirección, profesorado e alumnado dos centros participantes.
- Unha ampla maioría optou porque os obradoiros do programa se convertisen nunha actividade estable dentro do centro, o que favoreceu que se acadasen en maior medida os obxectivos propostos.
- Estableceuse unha comunicación fluída entre os centros e as pedagogas.
- As principais dificultades manifestárose á hora de coordinar todo o proceso de desenvolvemento do programa debido a gran demanda dos centros e ao tempo limitado para dar resposta a esta demanda.

CONCLUSIÓNS

PRINCIPAIS APORTACIÓNS AO ALUMNADO:

- Axudar a inicar ou afianzar a expresión de afectos.
- Concienciarse da desigualdade por mor de xénero existente na nosa sociedade.
- A visibilizar accións (profesións, deportes, tarefas que se desenvolven dentro ou fóra da casa,...) que na súa vida cotiá non ven realizadas por mulleres, é tamén á inversa (aínda que en menor medida), non ven realizadas por homes.
- Algunhas persoas que tiñan ideas ou comportamentos estereotipados comezaron a replantexalos. O que maior sorpresa nos causou foi o feito de comprobar que nenos e nenas de tres anos xa se comportaban de forma estereotipada a pesares da súa corta idade.
- Diminuír a confusión ao respecto do que significa ser home ou muller. A concepción existente era moi estereotipada.

CONCLUSIÓNS

PRINCIPAIS APORTACIÓNS AO ALUMNADO:

- Destacar ao alumnado que tiña moi claro o que é ser muller e ser home, as diferentes formas de ser home e de ser muller. Os obradoiros axudáronlles a afianzar unha idea sobre a igualdade que xa tiñan e que non estaban moi seguros/as de poder defendela fronte a un grupo.
- A eliminar a confusión e igualación xeneralizada dos conceptos machismo e feminismo. Nunha parte moi importante do alumnado, o feminismo considerábase o análogo de machismo, en troques de "femianismo".
- Situar e matizar moita da información que o alumnado posúe respecto da coeducación e a igualdade de oportunidades.
- Amosar unha actitude crítica ante aquelas cousas que observamos na vida cotiá e que cremos que non están ben respecto da desigualdade de xénero). En 6º de Educación Primaria destacou o traballo en prol de desenvolver unha actitude crítica cunha perspectiva de xénero ante os medios de comunicación (televisión, videoxogos, radio, periódicos,...)



CONCLUSIÓNS

PRINCIPAIS APORTACIÓNS AO PROFESORADO:

- Axudar a que moitas mestras e moitos mestres visen unha/outra forma de traballar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a coeducación.
- Reforzar a labor que parte do profesorado xa viña desenvolvendo respecto desta temática, a sistematizar máis esta labor.
- Fomentar a súa concienciación e implicación respecto da discriminación de xénero existente noutros momentos da historia e no actual, e que nalgúns casos, previamente á realización dos obradoiros consideraban inexistente ou moi superada.
- Ser unha "canle directa" de información en todo o relacionado ao tema da Coeducación e a Igualdade de xénero.

Camiña con nós pola igualdade

MOITAS GRAZAS POLA SÚA
ATENCIÓN

